CONCELLO DE RODEIRO

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:
Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:
Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 17 de xuño de 2026 (RE-E núm. 439), coas seguintes características:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

DATOS DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
CIF	[redacted]
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	JOSÉ LUÍS MOSQUERA SOUTO
DNI	[redacted]

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CANALIZACIÓN DE 46 METROS DE LIÑA ELÉCTRICA SOTERRADA
LUGAR	A ALDEA DE RIBA
PARROQUIA	RIOBÓ
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFERENCIA CATASTRAL DA PARCELA BENEFICIARIA	36047A107060460000LR
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica redactada pola enxeñeira técnica industrial Dona Susana Casais Pérez, asinado en data 04/06/26)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	5.917,45 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) DÍA
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 23/09/26)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO DEZAOITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (118,34 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmoble, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE

— Ganadería Campo S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de cambio de titularidade de actividade, presentada con data 29 de xullo de 2026 (RE-E núm. 530), coas seguintes características:

DATOS DA ANTERIOR TITULAR

NOME E APELIDOS	PAZ GARCÍA ABELAIRAS
DNI	[redacted]
DOMICILIO	LUGAR DE CALQUE, PARROQUIA DO SALTO DE AGOELA

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

DATOS DA NOVA TITULAR

RAZÓN SOCIAL	GANADERÍA CAMPO S.C.
CIF	[redacted]
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE CALQUE, PARROQUIA DO SALTO DE AGOELA
REPRESENTANTE	ANA SALGADO GARCÍA
DNI	[redacted]

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE
LUGAR	CALQUE
PARROQUIA	O SALTO DE AGOELA
REFª CATASTRAL DA PARCELA	36047A008000860000PA
TÍTULO HABILITANTE URBANÍSTICO	SI (ACORDO DA XGL DE DATA 14/10/19)
TÍTULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE	SI (ACORDO DA XGL DE DATA 28/09/22)
NÚM. INSCRICIÓN REAGA	[redacted]

Debidamente informados/as de canto antecede e de conformidade co previsto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar razón da presentación da comunicación previa xunto cos documentos que con ela se achegan e, na súa virtude, declarar a súa eficacia, dando por cumprimentada a obrigación legal de comunicación do cambio de titularidade da actividade referida.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para os efectos nela sinalados, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Terceiro.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE "MELLORA DO CAMIÑO DENDE O POLÍGONO INDUSTRIAL A ÁLCEME", INCLUÍDA NO PLAN MÁIS PROVINCIA, ANUALIDADES DE 2024 E 2026

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final e liquidación correspondente á obra de *"Mellora do camiño dende o polígono industrial a Álceme"*, incluída no Plan Máis Provincia, anualidades de 2024 e 2026, por importe de CORENTA MIL TRESCENTOS DEZAOITO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (48.318,98 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 48.318,98 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2026-275 (FACe), de data 24/09/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 25 de setembro de 2026, na que se fai constar que *"as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra"*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 23/09/26.

5.- BASES E BAREMO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA MOZA INSCRITA NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes da resolución de data 11/08/26 da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais pola que concede unha subvención, por importe de 23.606,03 €, para a contratación laboral dun/ha traballador/a, a tempo completo e por un período de nove meses, de conformidade co solicitado polo Concello, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-*2027*, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 108, do 11/06/26). Cómpre, xa que logo, proceder á aprobación das bases para a provisión do posto de traballo subvencionado.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión do posto de traballo subvencionado, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 1 POSTO DE TRABALLO FINANCIADO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX) DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 1 persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia e, ao mesmo tempo, inscrita en situación de beneficiaria no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil (SNGX) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta convocatoria realizase ao abeiro da subvención concedida ao Concello por resolución do *secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración* de data 11.08.2026, ao abeiro da convocatoria das subvencións *contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil* (DOG núm. 108, do 11.06.2026*).*

O proceso de selección será polo sistema de baremo e entrevista, con preselección previa de candidatos a través de oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia nos termos que a citada convocatoria de axudas establece.

Segunda.- Modalidade de contratación e réxime xurídico

O contrato formalizarase baixo a modalidade de duración determinada vinculado a programas de políticas activas de emprego financiados con fondos europeos a tempo completo e por un período de nove meses.

Denominación e número de postos ofertados:

- *Profesionais do dereito (CNO 2599): apoio na tramitación de expedientes municipais.*

As retribucións brutas serán de 1.662,56 euros/mensuais, con prorrateo de pagas extra incluído.

A relación contractual rexerase pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, do *Estatuto básico do empregado público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas.

d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras da subvención do programa que financia este servizo, publicadas no DOG do 11 de xuño do de 2026, na selección das persoas participantes deberase acreditar que cumpran os requisitos recollidos no seu artigo 29: as axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas non ocupadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e no SNGX, con idade comprendida entre os 18 e os 29 anos, que non teñan traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de asinar o contrato, nas categorías/ocupacións referidas e que estean dispoñibles para o emprego. Tampouco poderán contratarse ás persoas traballadoras que fosen contratadas en calquera entidade, por un período igual ou superior a cento oitenta (180) días, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas traballadoras desempregadas correspondentes coas Ordes do 4 e 13 de agosto de 2025 procedementos TR352A, TR350E, e TR349Z /2025).

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

– *Profesionais do dereito (CNO 2599): grado universitario en dereito.*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos na data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:

O Concello presentará a oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, no modelo normalizado para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases.

b) Admisión de candidatos:

A selección consistirá na aplicación dun baremo (artigo 29.6 da Orde) e entrevista, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello (ou no da comunicación da súa inclusión na lista de candidaturas confeccionada polo SPEG), os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. Os aspirantes disporán de 3 días naturais, a contar dende o día seguinte ao da súa preselección pola oficina de emprego, para presentar a seguinte documentación no rexistro xeral do Concello. (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- DNI ou NIE.
- Declaración responsable (anexo II)
- Un sobre pechado no que fará constar o nome, apelidos e DNI do aspirante, así como a inscrición "Baremación". En dito sobre incluírase a documentación xustificativa das circunstancias persoais e sociais que concorren na persoa candidata, alegadas segundo as indicacións da base 6.2, que en todo caso será a través de documentos orixinais ou copias auténticas. Os non xustificados documentalmente non serán valorados.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo dun (1) día hábil, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

deste Concello, https://rodeiro.sedelectronica.gal e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dous (2) días hábiles para emenda. Dita lista será definitiva de non presentarse reclamacións. Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello.

Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

- PRESIDENTE: *José María Novo Ramos, secretario-interventor do Concello*
- VOGAIS:
  Jorge Ojea Mato, AEDL do Concello
  José Carballo Suárez, administrativo-encargado do CCM do Concello
- SECRETARIO: *Francisco Javier Lamazares García, administrativo do Concello*

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sixilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación para o inicio do procedemento selectivo, citarase ás persoas candidatas do xeito establecido na base 4ª para a realización da entrevista. En dita convocatoria determinarase o lugar, a hora e o día no que deberán comparecer os aspirantes, así como a orde de actuación que será alfabética segundo a primeira letra do apelido. Realizarase un único chamamento. A non comparecencia determinará a exclusión do proceso selectivo, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

6.1 Entrevista (máximo 2 puntos)

A entrevista persoal realizase coa finalidade de avaliar as capacidades persoais para o desempeño do traballo. Versará sobre a aptitude e actitude, habilidades, valores, e coñecementos relacionados co posto de traballo a cubrir, así como sobre aspectos curriculares e da traxectoria e experiencia profesional das persoas candidatas.

A entrevista non será eliminatoria. Puntuarase sobre un máximo de 2 puntos.

Finalizada a fase de entrevista, o Tribunal procederá a baremar os seguintes aspectos, acreditados polas persoas

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

aspirantes.

6.2 BAREMO. Son aspectos a valorar para a selección os de preferencia (sociais e persoais) que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións no seu artigo 29.6.

- Por discapacidade recoñecida legalmente: 0,50 puntos
  Acreditase coa copia auténtica da resolución administrativa de recoñecemento
- Persoas transexuais: 0,50 puntos
  Declaración responsable.
- Condición de persoa en risco de exclusión social beneficiaria da RISGA
  Resolución administrativa de recoñecemento. 0,50 puntos
- *Situación económica:*
  I. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50% do IPREM *0,40 puntos*
  II. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 70% do IPREM *0,30 puntos*
  III. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM *0,20 puntos*

  Acreditase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.
- Situación de desemprego:
  1. Igual ou superior a 12 meses 0,20 puntos
  2. Igual ou superior a 24 meses 0,30 puntos
  3. Non percibir prestación/subsidio por desemprego 0,20 puntos

  Acreditase: para o tempo en desemprego mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG. Para a non percepción de prestacións/subsidios co certificado do SEPE.
- Vítima de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual: 0,30 puntos

  Acreditarase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección ou do organismo público competente.
- Persoas candidatas con cargas familiares:
  1. Existencia de fillos ou menores en acollemento ou maiores con discapacidade *(cada un)* 0,10 puntos
  2. Familia monoparental/monomarental 0,20 puntos

  Acreditarase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia. No caso de familias monoparentais coa documentación que acredite a circunstancia que a orixina (sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores, certificado de falecemento, ou outra que acredite dita circunstancia). A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores ou maiores con discapacidade, maiores incapacitadas ou menores en acollemento.
- Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 0,20 puntos
  Acreditase co certificado de emigrante retornado ou NIE para de estranxeiros.
- Persoas desempregadas que participasen en que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B): 0,45 puntos

  Acreditarase co contrato de traballo e co certificado de profesionalidade obtido ao remate do programa (se non se dispón del informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acredita a participación no programa durante toda a súa vixencia). No caso das accións formativas co título ou diploma emitido ao efecto.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera destes aspectos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite a súa participación con anterioridade en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do *Sistema nacional de garantía xuvenil (TR353B)*. Continuarase coa orde das persoas candidatas que acrediten unha maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde na que figuran ordenados o resto dos criterios establecidos na base 6ª.2).

Oitava.- Proposta de contratación

Logo de acadar a listaxe ordenada polo resultado da suma das valoración de ambos aspectos (entrevista e baremo), o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor da candidatura que obtivese a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista de agarda cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna nese momento os requisitos das bases reguladoras referido *programa de contratación para persoas beneficiarias do SNGX*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato (artigo 32 da Orde).

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral vinculado a programas de políticas activas de emprego financiados con fondos europeos .

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución de axuda e na Orde de convocatoria das axudas que financian estas contratacións, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnala presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Ángeles Pampín Expósito, traballadora laboral fixa do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, solicitou goce parcial da súas vacacións anuais nos meses de setembro e outubro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2026, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SARIBET RANGEL PIÑA, con NIE núm. [redacted], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 25 de setembro e 2 de outubro de 2026, ambos inclusive, por vacacións de María Ángeles Pampín Expósito.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN DE FUNCIONARIO MUNICIPAL POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGALMENTE ESTABLECIDA

ANTECEDENTES

1º.- Don Juan Carlos Diéguez Patao, con DNI núm. [redacted], funcionario deste Concello pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar (Grupo C2), cumpre a idade legalmente establecida para a súa xubilación o vindeiro día 30 de setembro do corrente.

2º.- Segundo os datos existentes no seu expediente persoal, o interesado accedeu á condición de funcionario de carreira por concurso-oposición, trala superación do correspondente proceso selectivo, na subescala subalterna (grupo E), sendo nomeado por Resolución da Alcaldía de data 7 de xaneiro de 1994, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 28, de data 2 de febreiro de 1994. Posteriormente accedeu, por promoción interna, á subescala auxiliar (grupo C2), nomeado por Resolución da Alcaldía de data 26 de febreiro de 1998 e publicada no BOE núm. 71, de data 24 de marzo de 1998. Á data prevista de xubilación terá acumulado un tempo de servizo no Concello de máis de 33 anos.

3º.- Non consta neste Concello solicitude algunha do interesado en relación coa prolongación da situación en servizo activo até os 70 anos.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeira.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) dispón no seu artigo 67.3 que *"a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade"*. Similar previsión contense no artigo 68.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, aplicable ás entidades locais en virtude do previsto no seu artigo 4. Dispón literalmente: *"A xubilación forzosa do persoal funcionario declararse de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida"*.

Segunda.- O apartado 4 do artigo 67 do EBEP dispón textualmente: *"Con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade de la xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexan as normas reguladoras de dito réxime para o acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade"*. É preciso completar dita previsión co aumento da idade para ser beneficiario dunha pensión de xubilación na súa modalidade contributiva establecida no artigo 205 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LXSS), elevándoa dos 65 aos 67 anos. Porén, a súa Disposición Transitoria Sétima establece unha aplicación paulatina de dita previsión permitindo a xubilación con anterioridade á data correspondente ao ano 2026 se consta acreditado un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses, circunstancia que cumpre o interesado.

Terceira.- A xubilación total é causa da perda da condición de funcionario de carreira (artigo 63 c) EBEP).

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Declarar a xubilación do funcionario do Concello Don Juan Carlos Diéguez Patao con data de efectos do día 30 de setembro de 2026.

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Segundo.- Facer constar expresamente o agradecemento do Concello polos servizos prestados polo funcionario ao longo dos numerosos anos nos que desenvolveu as funcións inherentes ao seu posto de traballo.

Terceiro.- Ordenar a baixa definitiva en nóminas e Seguridade Social de dito funcionario, con efectos da data da extinción da súa relación de servizo

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e aos efectos pertinentes.

8.- CONCESIÓN DA CUARTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 12 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOP núm. 6, correspondente ao día 12 de xaneiro de 2026. Con data 27 de febreiro do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 206, do 02/03/26).

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 23/09/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a cuarta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	NIE / PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
[redacted]	[redacted]	Negrelos – Negrelos	150,45 €	Axudas de estudos (material escolar)
[redacted]	[redacted]	Veigas – Rodeiro	258,90 €	Axudas de estudos (material escolar)
[redacted]	[redacted]	Rodeiro – Rodeiro	132,80 €	Axudas de estudos (material escolar)
[redacted]	[redacted]	Rodeiro – Rodeiro	190,25 €	Axudas de estudos (material escolar)
[redacted]	[redacted]	Rodeiro – Rodeiro	350,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2026. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2027. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

9.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- José Manuel Somoza Calviño

VISTA a instancia presentada por Don JOSÉ MANUEL SOMOZA CALVIÑO, con DNI núm. [redacted], veciño do lugar de Santa Mariña, parroquia de Santa Mariña de Pescoso (RE-E núm. 615, do 16/09/26), pola que solicita autorización municipal para o paso e cruce do camiño municipal con referencia catastral 36047A045090060000PL cunha canle de abastecemento de auga e un cable de subministración eléctrica, entre as parcelas con referencias catastrais 36047A045002330000PY e 36047A046002390000PY. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

Primeira.- A canle e o cable deberán ser colocados a unha profundidade mínima de 80 cm., coa separación entre eles e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación, respectando no seu caso os servizos xa existentes.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida *"a precario"* e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte do solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle e cable instalados, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa do solicitante.

10.- ACORDO DE GASTO

Con motivo do falecemento do veciño Don Samba Coumba Ndao, acaecido en data 19 de abril co corrente, o Concello, a petición de numerosas persoas, accedeu a abrir unha conta bancaria específica nunha entidade financeira con sucursal en Rodeiro para, a través dun proceso de *"crowdfunding"*, recadar fondos para sufragar os gastos funerarios e de traslado dos seus restos mortais ao seu país de orixe Senegal. A gran solidariedade recibida por parte, tanto de veciños como de persoas doutras procedencias, permitiu recadar en brevísimo espazo de tempo a cantidade suficiente para a finalidade pretendida, superando incluso o necesario para o traslado funerario. Concretamente foi recadada a cantidade total de 9.182,00 €. Deducido o custe facturado polos servizos prestados pola funeraria quedou un remanente na dita conta por importe de 2.660,10 €.

O Concello, interpretando o sentir dos doantes de que eses cartos dalgún xeito se destinen á finalidade solidaria para a que foron ingresados, considera que ese sobrante debe ser transferido en beneficio dos dous fillos do finado como doazón a favor deses herdeiros. Ao ser un dos fillos menor de

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

idade a esta data, a súa parte transferirase á nome da nai para o seu uso en beneficio do menor.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Transferir a cantidade de MIL TRESCENTOS TRINTA EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (1.330,05 €) en favor de DAME NDAO, con carta de identidade senegalesa núm. [redacted].

Segundo.- Transferir a cantidade de MIL TRESCENTOS TRINTA EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (1.330,05 €) en favor de AISSATOU BA, con carta de identidade senegalesa núm. [redacted], en beneficio do seu fillo menor de idade MAME BAYE NDAO.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 883,04 €

  Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7MF0014801, TA7MF0014796, TA7MF0014802 e TA7MF0014803 (FACe).

- FIATC MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS 853,02 €

  Por seguro anual de vehículo municipal, s/facturas núm. APS/000046936 e APS/000046943 (FACe).

- DEPUTACIÓN PROVINCIAL 892,80 €

  Por taxa polo servizo de recollida de animais abandonados no ano 2026, s/cargo.

- COMARFI S.L. 142,84 €

  Por subministro de bandeiras oficiais para edificios municipais, s/factura núm. 1/260946 (FACe).

Casa do Concello
Praza da Fonte nº 2
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tels. 986 790 009 // 986 790 185
Fax 986 790 195
www.rodeiro.org // info@rodeiro.org

- ARCO CONSULTORA TÉCNICA Y PROYECTOS S.L.P. 726,00 €

  Por elaboración de esquema unifilar do pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. A/26103.

- I2C INSPECCIONES S.L. 72,60 €

  Por inspección regulamentaria de baixa tensión do pavillón polideportivo municipal, s/factura núm. 2026-IR0260.

- EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA S.A. 184,94 €

  Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. 26IF000177 (FACe).

- ANA MARÍA GARCÍA MAYO 1.694,07 €

  Honorarios por dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan +Provincial, anualidades de 2024 e 2026, s/factura núm. 01_26.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)